



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso superior de Administración electrónica

**CONVOCATORIA:** Curso superior de Administración electrónica

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

**ÁREA:** Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	CONVENIO	<b>HORAS:</b>	114
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2022
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	MIXTO	<b>TIPOLOXÍA:</b>	SUPERIOR	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 16/06/2022 - 08:00h ao 31/07/2022 - 23:55h

**RESPONSABLE:** CASAL VALIÑO, MARÍA PILAR [maria.pilar.casal.valino@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia é a prestación de servizos públicos máis eficaces, eficientes e accesibles á cidadanía mediante o emprego das tecnoloxías dixitais, a través da implantación dunha administración electrónica capaz de se relacionar coa cidadanía e coas empresas mediante as canles electrónicas.

Para lograr este propósito, a formación dos empregados públicos é esencial, pois permite a mellora da capacidade de desempeño das súas funcións e a asunción de novos procedementos de traballo, o que contribuirá, en grande medida, a conseguir unha administración máis eficaz e eficiente.

O curso superior de Administración electrónica pretende afondar no coñecemento desta materia e, deste xeito, poden destacarse como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Concienciar o alumnado sobre a importancia que ten a implantación da Administración electrónica nas distintas administracións da nosa comunidade.
- Proporcionar, ás persoas ás que se dirixe, coñecementos acerca do réxime xurídico da administración dixital, así como perfeccionar e completar a súa formación práctica neste ámbito.

### DESTINATARIOS

O curso está dirixido ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, que se encadre nas seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público das ditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local e da Administración de xustiza.

## PROGRAMA

Este curso superior desenvolverase na modalidade mixta: 30 horas de clases prácticas presenciais e 84 na modalidade de teleformación.

As clases prácticas presenciais desenvolveranse os días 13, 20 e 27 de setembro; e os días 4, 11 e 25 de outubro de 2022.

Horario das clases presenciais: pola mañá, das 11:00 ás 14:00 horas; e pola tarde, das 16:00 ás 19:00 horas.

Ao finalizar o curso, o alumnado deberá realizar un traballo e un exame, que serán requisito previo para obter o certificado de aproveitamento.

Este curso superior abordará os seguintes contidos:

- Réxime xurídico dunha administración dixital.
- Identidade dixital: identificación e sinatura dixitais.
- Sede electrónica e Carpeta cidadá.
- Sistema único de rexistro. Canles electrónicas e presenciais.
- Notificación electrónica.
- Seguridade da información. Impacto do Regulamento xeral de protección de datos.
- Cooperación interadministrativa. Instrumentos de coordinación no desenvolvemento da administración electrónica. Iniciativas no marco europeo.
- GovTech. Transformación e innovación para novos servizos públicos. Automatización de procesos.
- Interoperabilidade de datos e documentos.
- Arquivo electrónico, documento electrónico e copia.
- Licitación e factura electrónicas.
- Atención á cidadanía. Transparencia e reutilización.

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base cuarta da convocatoria. A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de inscrición.

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade (a través da área de matrícula da EGAP), todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos nas bases cuarta e oitava da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar, en primeiro lugar, a área en que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e, despois, seleccionar en «nome do curso»: Curso superior de Administración electrónica.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### MIXTA

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 13/09/2022 a 25/10/2022

**NUM. PRAZAS:** 70

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR

Isabel Pillado Quintáns

VICTOR ALBERTO SALGADO SEGUIN

HERNAN VILA PEREZ

GUSTAVO HERVA IGLESIAS

GABRIEL QUIROGA BARRO

ELENA BARBA PAN

ENRIQUETA VIA LEIRA

Patricia Brión Cabanelas

Carmen García Alvarez

Marcos Ferrer Canedo

### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 13 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 13 de setembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 5:** O día 20 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 20 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 27 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 27 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 04 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 04 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 11 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 11 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 6:** O día 20 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 20 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 27 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 27 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 04 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 04 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 11 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 11 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA